

ACTA DA SESIÓN DA COMISIÓN INFORMATIVA DE INFRAESTRUTURAS, EQUIPAMENTOS PÚBLICOS E MOBILIDADE DO 20 DE XUÑO DE 2025

PRESIDENTA: D^a. BELÉN CACHAFEIRO ANTA

VOGAIS:

D. RAFAEL DOMÍNGUEZ ARTIME
D^a. LUISA MARÍA SÁNCHEZ MÉNDEZ
D. JORGE CUBELA LÓPEZ
D. RICARDO MARTÍNEZ CHANTADA
D^a. MARÍA PILAR RAMALLO VÁZQUEZ
D. MANUEL ALEJANDRO LORENZO ALONSO
D. JESÚS VÁZQUEZ ALMUIÑA
D^a. MARÍA NAVA CASTRO DOMÍNGUEZ
D. PACO FERREIRA GONZÁLEZ
D^a. NURIA RODRÍGUEZ RODRÍGUEZ
D^a. DIGNA ROSA RIVAS GÓMEZ
D. GREGORIO LUIS AGÍS GÓMEZ
D. GORKA GÓMEZ DÍAZ
D. JAVIER IGLESIAS MOUGÁN
D. XOSÉ CESÁREO MOSQUERA LORENZO
D^a. MARÍA MANUELA RODRÍGUEZ PUMAR

Sendo as doce horas e trinta e cinco minutos do día 20 de xuño de 2025, reúnese a Comisión Informativa de Infraestruturas, Equipamentos Públicos e Mobilidade.

Preside a sesión D^a. Belén Cachafeiro Anta e asisten as deputadas/os que se relacionan á marxe.

Actúa como secretario, por delegación do secretario xeral, Andrés C. Fernández Lucas, técnico de xestión do servizo de Infraestruturas e Vías Provinciais.

Aberta a sesión pola Presidencia, adoptáronse os seguintes acordos:

1.- Aprobación da acta da sesión anterior (23 de maio de 2025).

A Comisión acorda por unanimidade aprobar a acta da sesión de 23 de maio de 2025.

2.- Aprobación definitiva do proxecto construtivo de mellora da mobilidade peonil na E.P. 2202 Baiona - Loureza, dende o pq. 17+350 ao pq. 17+520 (Concello de Oia) e do expediente de expropiación (exp. Civas 2024081631).

A Comisión ditamina favorablemente, por unanimidade, a aprobación definitiva do proxecto construtivo de mellora da mobilidade peonil na E.P. 2202 Baiona - Loureza, dende o pq. 17+350 ao pq. 17+520 (Concello de Oia) e do expediente de expropiación.

3.- Aprobación inicial do proxecto “*Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mane - Rebón, do pq. 2+300 ao pq. 3+624 (Concello de Moraña)*”. Exposición pública do proxecto e do expediente de expropiación. Declaración de utilidade pública da obra. Declaración de urxente ocupación e motivación da urxencia. (Expediente 2025001734 - 2024073273).



A Comisión ditamina favorablemente, por unanimidade, a aprobación inicial do proxecto “*Ensanche e mellora da seguridade viaria na E.P. 0503 Mane – Rebón, do pq. 2+300 ao pq. 3+624 (Concello de Moraña)*” e do expediente de expropiación.

4.-Rogos e preguntas.

Os voceiros dos grupos provinciais do bloque nacionalista galego e do partido socialista plantexan as dificultades que teñen para ver os proxectos que se levan á comisión informativa xa que polo seu tamaño non se poden subir á plataforma Civas. Acórdase por unanimidade que a partir de agora, xunto co resto da documentación, se achegue un enlace de descarga para que poidan acceder de xeito sinxelo aos proxectos que se levan ás Comisións.

E non habendo máis asuntos que tratar a presidenta levanta a sesión sendo as doce horas e corenta minutos do que eu, secretario, dou fe.

Documento datado e asinado dixitalmente.

